

## REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS DE EMPRESA DE PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

### ACTA Nº 3

#### ASISTENTES

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

**Xerente:**

Manuel Fernández Jauregui

**Xefe do Servizo de PAS:**

José Manuel Fernández Viña

**Redacción de acta:**

María Isabel Fernández Uría

**COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA**

Marcos Estévez Orge (CCOO, Presidente)  
Marisa Magaz Ledo (CCOO)  
Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)  
Roberto Otero Ledo (CIG, escusa a ausencia)  
Federico Fernández Fernández (CIG)  
Carlos Mollinedo Lois (CIG)  
Margarita Turnes Negreira (CCOO)  
Luciano Otero Camiña (CIG, escusa a ausencia)  
Juan Eduardo Calzado Díaz (CIG, escusa a ausencia)  
Carlos Román Lago (CIG)  
José Estévez Vázquez (CCOO)

**COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE**

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente )  
Rodrigo Alberte Pivida (CIG, escusa a ausencia)  
José Manuel García Eirín (CIG)  
César Gómez Gómez( CIG, escusa a ausencia)  
Miguel A. García Barros (UXT, escusa a ausencia)

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral mantiveron unha reunión ás 09:30 horas, do 20 de febreiro de 2018 na Xerencia, coa seguinte

#### ORDE DO DÍA


#### 1. Aprobación e sinatura da acta da reunión previa de data 27 de setembro de 2017.

Os membros dos comités solicitan adiar este punto ata a seguinte reunión..

#### 2. Negociación do concurso de traslados restrinxido entre os Técnicos Especialistas de Servizos Xerais e convocatoria dun proceso selectivo para a elaboración dunha lista de espera da categoría de Técnico Especialista de Tecnoloxías da Información e Comunicaci3ns.

O Xerente informa que a OEP do ano 2017 se publicou no DOG do 12 de decembro de 2017, que se remitiu ao DOG a convocatoria de Técnico Especialista de Servizos Xerais (TESX) por promoci3n interna e que recibiu un escrito do Comité de Empresa de Pontevedra (CEPO) requirindo que se convoque a ampliaci3n das listas de espera que est3n esgotadas.

O Presidente do Comité de Empresa de Ourense (CEO) di que o debate sobre as listas de agarda vai ligado aos orzamentos do Estado para 2018, e que non est3 nada claro se se van aprobar ou



prorrogar os de 2017, co que o escenario sería moi diferente e a postura a defender tamén na cronoloxía das convocatorias.

Pablo Álvarez mantén que a situación é urxente no que afecta á lista de Auxiliares Técnicos de Servizos Xerais (ATSX)

O Presidente do CEPO coincide co anterior propondo que se debería empezar a traballar no temario, que serviría para acceso libre e promoción interna, á espera do que suceda cos orzamentos do Estado.

Pablo Álvarez di que se podería sacar a ampliación so con concurso, como xa se fixo.

Os Presidentes dos dous comités non o consideran axeitado; o Presidente do CEO engade que despois desa convocatoria se aprobaron os criterios de convocatoria e ampliación de listas.

Margarita Turnes di que tamén é urxente a de TE de Química.

O Xerente está de acordo en avanzar nos temarios das que se consideren máis urxente: ATXS, TE Química, TM Enxeñaría Aeroespacial, que son imprescindibles para os laboratorios, e concentrar esforzos na OEP. Por outra parte, solicita as achegas dos comités á convocatoria de ampliación de TE TIC, que se lles remitiu.

Pablo Álvarez pregunta se haberá unha única proba; ademais cre que o Tema 21. Coñecementos básicos de prevención de riscos laborais debería ser máis concreto.

O xefe de servizo de PAS contesta que se propón unha única proba.

Marisa Magaz propón que se redacte como na de TESX, máis o regulamento de pantallas. No apartado B. Méritos Punto 3. Formación non está de acordo en que se valore unha titulación superior á esixida.

O Presidente do CEO di que o temario debería incluír telefonía e que o resto da convocatoria debería saír como en anos anteriores o apartado 3.a (TS e TM TIC).

Pablo Álvarez di que ten un informe xurídico contrario o sistema de valoración de horas dos cursos no apartado de formación.

O Presidente do CEO afirma que ese apartado foi acordado entre a Xerencia e os Comités de Empresa; quere que a fase de méritos teña a mesma estrutura e porcentaxes que nas convocatorias de TS e TM TIC.

José Manuel García Eirín insta a suprimir o apartado 3.a e aumentar o 3.b a 10 puntos

O Presidente do CEPO quere que o apartado B.3 sexa igual que en TS e TM TIC TIC.

O Xerente indica que se pode aceptar. Por outra parte, manifesta que se deben facer coincidir as incorporacións dos TESX da oposición e do concurso restrinxido.

Os presidentes dos comités propoñen que se sincronice a data de resolución de ambos procesos e manifestan o seu acordo coa convocatoria de concurso que presentou a Xerencia.

O Presidente do CEO sinala unha diferenza relevante, que ao aceptar a súa proposta non se valorarán traballos en superior categoría, polo que alguén podería ter experiencia noutras administracións ou na U. de Vigo e non serlle valorado.

O Xerente pregunta polo procedemento a seguir apra cubrir a baixa da TESX do Campus de Torrecedeira, xa que ningún dos candidatos da lista de espera de TESX aceptou.

José F. Viña expresa a conveniencia de que se os Comités e a Xerencia acorden criterios non só para ese caso, senón con carácter xeral.

O Presidente do CEPO postula que unha vez esgotada a lista se ofrezca ao persoal de categoría inferior da mesma unidade e área: servizos xerais, ATIC...

Pablo Álvarez di que sería oposto a que o criterio de centro prime sobre calquera outra consideración, que debería facerse un sistema mais acaído.

O Presidente do CEO está de acordo coa proposta do Presidente do CEPO en circunstancias extraordinarias; como forma xeral tería que estudalo.

Carlos Mollinedo di que como norma xeral non, pero si e por acordo para resolver situacións excepcionais.

O Presidente do Comité de Empresa de Pontevedra (CEPO) di que se dirixiu a el unha persoa da Biblioteca de Belas Artes que presentou unha demanda ao estimar que a RPT lle modificou substancialmente as condicións de traballo, ao ter que asumir a apertura nocturna. Pide unha reflexión sobre o ocorrido e solicita que se considere se é necesario ter aberta a biblioteca de Belas Artes pola noite.

Carlos Mollinedo sostén que a proposición de RPT do CEPO non xeraba estes problemas.

O Xerente responde que a Universidade executou a sentenza. O que se xudicializa non se pode negociar. Ademais a RPT se lle explicou á demandante e a outra compañeira. Pero explicar non é negociar, como pretendían, porque a Xerencia so pode negociar cos órganos de representación lexítimos.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 11:00h.

Three handwritten signatures in blue ink, arranged horizontally. The first signature on the left is a stylized, angular mark. The middle signature is a more complex, circular scribble. The signature on the right is a long, sweeping stroke that ends in a sharp hook.

